



DEBUT2018

22.11.2018

DEBUT 2018/ PASARELA

ORGANIZA

ESDEMGA.
Mestrado Unversitario en deseño e dirección creativa en moda.
Universidade de Vigo

PATROCINA

Concello de Pontevedra.
Concellaría de Cultura e Concellaría de Promoción económica
Pazo da Cultura de Pontevedra
Consello Social Universidade de Vigo

COLABORA

Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
Interspasa. Jesús Peiró
Sargadelos
Sala Karma
Deleite
Schwesppes
Broker´s Gin
NASA
Cookela
D-Due
Bimba y Lola
STLONIA
Inditex
Adolfo Domínguez
Parfois

DIRECCIÓN DEBUT 2018

Lola Dopico

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Alfredo Olmedo
Fernando Suárez Cabeza

DIRECCIÓN DE PROXECTOS

Charo Froján
Alfredo Olmedo
Paula Solveira

DIRECCIÓN MONTAXE E PRODUCCIÓN

Fernando Suárez Cabeza

COORDINACIÓN MONTAXE

Eduardo Outeiro. Atrezista
Ana Seoane. Coordinación gráfica

ASISTENTE MONTAXE

Luis González López

ASISTENTES DE COORDINACIÓN

Candela Novoa
Anxela Carballo
África Abadin

COMMUNITY MANAGER E XESTIÓN DE OFICINA DE PRODUCCIÓN

Candela Novoa

COLABORACIÓN GRAFISMO DA MONTAXE

Ana Seoane
Kris Garre Teijeiro
Cristina Garre Teijeiro
Iago Fontoira Araújo
Luis González López

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN DE BACKSTAGE

Heriberto Otero. New Model´s

MONTAXE

Grupo Norte
Carpintería Martínez Paz, S.L.

VIDEO

Provideo. Vilagarcía de Arousa

DESEÑO WEB.

Marcos Dopico Castro.
Universidade de Vigo

SON

Sinsalaudio
FM Sonido Profesional

PERRUQUERÍA E MAQUILLAXE

Guy & Silvia

DEBUT 2018/ CATÁLOGO

DIRECCIÓN EDITORIAL. Lola Dopico Aneiros. Universidade de Vigo

DESEÑO. Cristina Varela Casal. Universidade de Vigo

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA. Fernando Suárez Cabeza. Universidade de Vigo

TEXTOS. Lola Dopico Aneiros. Universidade de Vigo

FOTOGRAFÍA. Fernando Suárez Cabeza

COLABORACIÓN ESPECIAL DE PORTADA. Peza de sombreiro cedida por Bibi Martín.
Fotografía Fernando Suárez Cabeza..

FOTOGRAFÍA PROXECTOS.(MASTER/ 3º / PFE). © os autores

DESEÑO E MAQUETACIÓN. Cristina Varela Casal. Universidade de Vigo

XURADO DE DEBUT 2018

Isabel Cantista. Global Fashion Conference

Adriana Rodríguez y Jumpei Ushiyama. Camper Creative Network
Charo Álvarez y Rocío Sánchez. BIAAF

Patrizia Fabri. Antica Cappellería

IMPRIME. Gráficas Anduriña

EDITA. PAZO DA CULTURA

ISBN 978-84-09-06593-6

REFLEXIÓNS SOBRE O CURSO E OS PROXECTOS FIN DE ESTUDOS CO GALLO DE DEBUT 2018. OU POSIBLEMENTE ESDEMGA 24/7

_ Ou posiblemente Esdemga 24/7

Debut 2018 chega puntualmente para sinalar novamente o punto de inflexión que supón o peche dun ciclo formativo. Esta décimo segunda edición que consolida o desenvolvemento deste evento académico e de moda que xurdiu dunha forma natural, case improvisada e que foi medrando ata converterse nunha cita relevante no noso calendario anual, ao redor da cal numerosos cómplices de ESDEMGA, profesionais, docentes, interesados na moda, antigos alumnos, descubridores recentes, especialistas e afeccionados aglutinanse dándonos o seu respaldo un ano tras outro. Caras coñecidas, que nos arroupan coa súa presenza, e novas amizades que nos achegan a ilusión de ir un pouco mais lonxe en cada edición.

Debut 2018 celébrase nun momento cargado de intensidade e marcado polo desenvolvemento de novos proxectos. Especialmente no aspecto académico a posta en marcha do “Mestrado en Creación e Dirección artística en Deseño de Moda” supuxo un fito recente de importancia, cun programa actual e conectado coa realidade do mundo profesional, o mestrado foi concibido como a evolución natural xurdida dunha longa experiencia na formación en moda desenvolta durante xa case quince anos na Universidade de Vigo. Este mestrado que se puxo en marcha o pasado curso ten nesta edición a súa primeira pegada en DEBUT '18 que acollerá os resultados acadados por este grupo de estudantes durante a realización do seu primeiro curso. Esta nova titulación é a día de hoxe aínda un proxecto en desenvolvemento, en pleno proceso de construción e que con todo anuncia xa sólidas posibilidades.

Todo nos indica que a formación neste sector, marcado pola creatividade e o cambio permanente continua a ser estratéxica para o país e o mestrado está a deixar entrever, no seu breve percorrido, o seu potencial para atraer estudantes de diferentes puntos do estado e tamén de procedencia internacional.

Este ano que xa remata foi de incubación, resultou un curso marcado pola posta en marcha de colaboracións moi importantes con algunhas marcas e empresas de referencia no sector de moda en España. Primeiros pasos para dar forma a proxectos que se están fraguando nestes momentos e dos que, aínda que non podemos contar moito aínda, para ESDEMGA supoñen un reforzo cruce da traxectoria formativa que consolidamos ao longo da nosa existencia. Estivo marcado tamén pola posta en marcha na práctica de todo o ciclo de mestrado cos seus dous cursos completos. Incubación, activación, contemporización, verbos todos que marcan unha dirección e falan de accións internas, de axuste, silenciosas e laboriosas que supuxeron moito traballo, dese que se realiza de portas adentro e que resulta imprescindible para impulsar os proxectos cara ao exterior.

Seguimos reforzando as relacións coa empresa a través da incorporación e renovación de acordos e vimos fraguarse a firma de novos convenios de colaboración educativa con Zara Deseño S. L. (A Coruña), Mitwill Têxtils Europe (Francia) Steven Tai Studio (Londres) Carmen Rey S. L. (Pontevedra) Acicala S. L. (Madrid) Zara García Rodríguez (Madrid) PARFOIS (Portugal) Carolina Machado (Porto) Kusilas S. L. (A Coruña) Abril Studio S. L. (Barcelona) Fotoempresas Photo Studio S. L. (Barcelona) Altair Design (Barcelona) Interesposa S. L. (Barcelona) Angel Cabezuelo Muñoz (Barcelona) Rosa Méndez (A Coruña) Christian Wijnants (Bélxica) Vigotricot (Vigo) Les Petits Vagabonds (Barcelona) Enzo Couture (Pontevedra) A Martinica by Maria Sobrino, S. L. (Vigo) Studio Maria Gayoso (A Coruña) Kraken Counter Couture (Londres) que veñen sumarse a unha extensa lista de acordos con empresas que ano a ano vai crecendo e ás que desde aquí expresamos o noso agradecemento pola súa proximidade e xenerosidade para cos nosos estudantes.

Un importante esforzo para o desenvolvemento das prácticas curriculares así como extracurriculares dos estudantes que buscan complementar a súa formación a través dunha formación práctica que é o obxectivo do seu período de prácticas en empresa.

_ certames, festivais, editoriais de moda, fashion films e un longo etcétera.

«...a oportunidade xorde de forma directa como un resultado de DEBUT e da función de escaparate e amplificador do traballo e o talento dos estudantes que alcanzaron a completar o seu nivel de formación»

Así mesmo nos orgullece destacar que os nosos estudantes son moi activos e buscan participar naquelas oportunidades que se lles ofrecen, certames, festivais, editoriais de moda, fashion films e un longo etcétera. Desde ESDEMGA brindamos o noso apoio ás súas iniciativas tentando axudarlles para que cumpran os seus obxectivos. É por iso que gozamos de poder compartir o éxito que obteñen tanto no que se refire á súa incorporación a equipos de deseño en diversas empresas, como é no caso de todos aqueles que obtiveron un primeiro contrato ao longo do seu primeiro ano tras titularse. Apoio que tentamos dar tanto na posta en marcha dos seus proxectos emprendedores como en canto á súa participación en certames, como foi o caso das estudante Noemí Vidal e Silvia Marra que coa súa colección alzáronse co Segundo Premio do Certame de deseñadores noveis da XXVIII edición da Mostra do Encaixe de Camariñas, celebrada en abril deste ano ou a obra seleccionada de Sheila Pazos para a VI edición do Certame Internacional do BIAAF en Bilbao ou as magníficas editoriais de moda nas que se incluíu o traballo de deseñadoras recentemente tituladas como o publicado pola Revista Creative Boom de Melania Freire ou os protagonizados por Laura Murillo e Tania Campos para Jute Magazine ou os desta última para o blogue de Vogue España “ Casilda casa”. Cabe salientar a nosa participación por segundo ano consecutivo, xunto cunha trintena de

institucións académicas internacionais de países como Italia, Francia, Alemaña, Xapón, China, Estados Unidos, India ou Australia presentes entre as escolas seleccionadas, na International Catwalk Competition, un evento desenvolvido na Graduation Fashion Week de Londres e que en xuño deste ano reuniu preto de 30.000 visitantes. Un ano máis estivemos na cita londiniense como único representante de centros españois e tivemos a oportunidade de mostrar a colección gañadora en Debut17, creada por José Cortizo “ Weekend Lovers” alcanzando unha destacada repercusión xa que foi seleccionada coma imaxe de comunicación da propia difusión do certame, sendo fotografada en Londres para ese efecto e alcanzando unha elevadísima visibilidade e repercusión ao saír en numerosas publicacións.

É importante lembrar que esta oportunidade xorde de forma directa como un resultado de DEBUT e da función de escaparate e amplificador do traballo e o talento dos estudantes que alcanzaron a completar o seu nivel de formación. E porque non dicilo, tamén reafirma a dirección do proxecto formativo que vimos desenvolvendo en ESDEMGA, de forma seria comprometida e sostida e que nos permite amosar de forma satisfactoria o noso traballo en contextos internacionais, á beira dalgunhas das máis reputadas escolas do mundo.

_ Colaboración en exposicións, proxectos institucionais e iniciativas privadas.

Tamén me parece importante destacar resultados académicos que en certa medida están vinculados con ESDEMGA e que, aínda que máis centrados no ámbito da investigación, son relevantes e destacables desde a liña de traballo que nós desenvolvemos, centrada na formación en moda, e as liñas que desenvolvemos desde o grupo de investigación DX7 no que participan numerosos investigadores e investigadoras que forman parte do equipo de ESDEMGA. É por iso que me gustaría destacar a lectura da tese doutoral de Román Padin , “A articulación da moda no espazo museístico no cambio de milenio” que foi a primeira tese defendida no novo programa de Doutoramento de arte contemporánea da Universidade de Vigo. A aparición deste tipo de traballos, e a repercusión dos mesmos ,será cada vez máis frecuente e constitúe tamén un ámbito do que esperamos moito no futuro. Nesta liña quero salientar a oportunidade de seguir desenvolvendo unha crecente colaboración en diversos cursos e accións desenvolto por e con compañeiros doutras Universidades, especialmente do sistema universitario galego, que sinala unha crecente corrente de interese ao redor da moda, como nexo común e campo de estudo interdisciplinar, que empeza a desenvolverse entre académicos de diversos ámbitos e que resulta un dos horizontes a medio prazo máis desexables para afianzar a moda como un territorio académico cheo de posibilidades.

As colaboracións que propiciamos e das que somos partícipes en diversas exposicións, proxectos institucionais e iniciativas privadas e de asociacións ao redor da moda e do que se fai no noso centro son numerosas e crecen anualmente. Mostra clara de que a universidade cumpre con esa función fundamental que é a imbricación coas sociedade a todos os niveis, na xeración de coñecemento, transferencia, en canto a difusión do coñecemento e en moitos casos servindo como nexo e elemento aglutinador. Eses son os retos que nos acompañan no noso labor: xerar cultura e divulgar a investigación, manter unha ponte de constante comunicación cos axentes sociais e culturais procurando dar forma ao mellor dos escenarios posibles para que a creatividade destes mozos e mozas que, cada ano ao chegar estas datas, empezan un novo ciclo das súas vidas xa como profesionais.

DEBUT é un desfile pero non unicamente un desfile, é tamén unha especie de acto de gradación, unha festa ao redor da moda e desde logo segue sendo un alicerce fundamental do noso programa formativo a través dunha semana chea de workshops, encontros con artesáns e conferencias, encontros co ámbito empresarial e o desenvolvemento, posta en marcha e produción dun “show” de moda. Unha pasarela na que estudantes de todos os cursos participan de forma integral xa que acreditamos que participar neste evento desde o primeiro curso no que chegas á titulación é en por si unha aprendizaxe, intuitiva, experimental e conectada coa realidade.

POSIBLE-
MENTE
ESDEMGA
24/7

_ Cincuenta e dúas coleccións que se presentan procedentes de todos os cursos das titulacións.

«Debut é a nosa maneira de poñer en común o que fomos quen de desenvolver no ano que remata, cos estudantes de todos os cursos, intercambiando información sobre o seu traballo á vez que o mostran.»

«Foi un pracer compartir tempo, charlas e debates, un privilexio formar parte deste tramo do camiño que fixemos xuntas»

«Debut é a nosa maneira de poñer en común o que fomos quen de desenvolver no ano que remata, cos estudantes de todos os cursos, intercambiando información sobre o seu traballo á vez que o mostran.»

Así concibimos DEBUT desde a súa creación, un evento que fomos transformando, foi mutando e acollendo diversas incorporacións, cambios de emprazamento e transformacións de estrutura. Este curso veremos por primeira vez desfilar aos alumnos do mestrado que cursan o seu segundo ano agora mesmo, no backstage, dentro de bambalinas, os estudantes de mestrado que acaban de incorporarse, e comezaron os seus estudos, atopásense por primeira vez formando parte de DEBUT e de toda a comunidade que ao redor desta cita foise creando: antigos alumnos que agora son deseñadores profesionais, estilistas, empresarios ; firmas de moda que acoden en busca de novos talentos, profesores da nosa universidade e doutras que acoden a coñecer o que facemos , artistas , creadores, afeccionados á moda e un longo etcétera de persoas que acoden a ver o desfile que é xa unha cita anual coa cidade de Pontevedra, cómplice por excelencia do evento. Pontevedra e os seus cidadáns teñen DEBUT anotado na súa axenda anual e seguen agasallándonos co seu interese e afecto ao achegarse ao Pazo da Cultura para ver o que fixemos un ano máis. Dende ESDEMGA percibimos este interese e atención como un agasallo, tanto a atención que espertamos no publico especializado como o que nos brinda Pontevedra para nós é clave, que a cidade que nos acolle queira coñecer que propostas e aventuras propoñen creadores e creadoras, queiran saber que teñen que dicir estas mozas e mozos a través das súas creación só pode ser recibido cunhas enorme grazas.

Debut é a nosa maneira de poñer en común o que fomos quen de desenvolver no ano que remata, cos estudantes de todos os cursos, intercambiando información sobre o seu traballo á vez que o mostran. Estamos a presentar exercicios de clase, proxectos de grupo, experiencias de creación persoal, unha suma de elementos que constitúen o proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias dos estudantes e creo que é importante resaltalo unha e mil veces, xa que ese é o marco de referencia do que desenvolvemos en DEBUT e é fundamental que sexamos capaces de transmitirlo.

Porque os protagonistas de DEBUT son os nosos estudantes, nesta ocasión unha suma de cincuenta e dúas coleccións que se presentan procedentes de todos os cursos das titulacións. Entre as estudantes que terminan este ano atopamos capacidade e agudeza, moito talento a fin de contas e aínda que, loxicamente esta frase repítese dun curso a outro, iso non a fai menos certa nin socava a súa veracidade. Talento, traballo, ideas, materialización, mais traballo e cando crees que xa o tes, aínda queda moito mais traballo. Enriba da pasarela veremos diversas formas de entender a moda, reflexo da diversidade das miradas sobre o mundo. Visións que se materializan a través das propostas destas quince coleccións e a personalidade creativa das súas respectivas autoras.

A influencia da obra do artista Sean Scully en canto ao tratamento da cor e a abstracción fílrase a través da súa relación co uso dunha materia prima artesanal, o liño, tecido a man en tear modela con rotundidade a colección de abrigos como elemento de forza impactante na colección de **Pilar Alegría**. “Mudanko” é a colección debutante desta deseñadora que conxuga a súa atracción polo universo plástico de Scully coa alusión ás pinturas corporais dos Mursi, referentes, aparentemente inconexos, solidificados nunha mesma linguaxe expresiva. Novamente a pintura toma a palabra como clara influencia, neste caso está presente desde sempre na traxectoria de **Alicia Rea**. Para esta deseñadora, de formación artística, o achado do libro “ Francis Bacon Incunabula”, no que Harrison compila as imaxes que compoñían o ambiente circundante no estudo de Bacon, foi definitivo á hora de orientar a súa proposta, ata converterse no motivo fundamental para a creación dos estampados da colección “Francis Bacon: Diagram”. Nesta colección presentada por Alicia na que ademais da creación dos estampados, en clara conexión con este universo simbólico, a deseñadora traza unha silueta na procura evidente de deixar resoar a personalidade do autor, suxerida e apuntada en cada detalle.

O universo procedente do deporte foi historicamente un dos territorios nos que a moda indagou de forma decidida na procura de ideas tanto na silueta como fonte de inspiración coma nun estilo de vida. Unha vez mais, xa sexa a través dunha disciplina ou das personaxes rastrexadas na épica do deporte, atopamos que a práctica deportiva serve de inspiración e territorio de investigación a varios dos proxectos desenvoltos no presente curso. O surf como estilo de vida dá forma a “Point Break”, a colección de **Inti Núñez** que nos leva a un universo de liberdade e de vida na natureza trazada a través da presenza de tecidos técnicos e de punto, buscando a innovación a través dunha paleta inesperada, mentras que na colección de **Nohemí Pérez** son os interiores dos tatamis onde a disciplina

_ Pilar Alegría , Ana Micaela Fernández, Raquel Barbosa, Claudia Baum, Miriam Cartagena, Maria Cores, Susana Fall, Paloma García Santos , Iria Ginebra González, Nohemí Pérez, Sara Pérez, Inti Núñez, Sasha Ratkovic, Alicia Rea, Sara Vázquez

«Foi un pracer compartir tempo, charlas e debates, un privilexio formar parte deste tramo do camiño que fixemos xuntas»

do “ jiu jitsu” que da nome a colección articula a linguaxe desta proposta. Unha vez máis no traballo de **Sara Vázquez** atopamos na memoria de Karcsi Szabó (á que accedeu a través da película “Childrens of Glory”) o motor que en última instancia dá forma á colección “La Mala”. Un momento paradoxal da historia do século XX, no que mentres que os tanques soviéticos reprimían en Hungría o estalido da revolución o equipo de waterpolo húngaro estaba a gañar a Rusia nos xogos olímpicos que se disputaban en Melbourne, no que ás veces se describe como o partido de waterpolo máis sanguento da historia.

«Foi un pracer compartir tempo, charlas e debates, un privilexio formar parte deste tramo do camiño que fixemos xuntas»

“Cando Bobby Fischer xogou o desquite contra Boris Spassky, vinte anos despois da partida do século, pediu que lle fixesen catorce camisas exactamente iguais á que utilizara entón”. Así comeza o relato que **Raquel Barbosa** traza no seu portfolio á mantenta da súa colección “Who Killed Those Two Flies And Why?” A personaxe do gran mestre do xadrez é escudriñado pola deseñadora á hora de dar forma ao universo conceptual que serviu de territorio inspiracional ao seu traballo. As pezas cóbrense de anotacións de xogadas, de apuntamentos que a modo de pezas-amuleto abrigan o corpo como talismáns que adoptasen forma de camisa. A sastrería a medida e o coiro formaban parte das preferencias de Bobby e é por iso que na colección teñen unha presenza determinante. O coiro tratado de formas diversas achega un xogos de texturas esenciais na proposta. O universo obsesivo do mestre do xadrez atravesa unha colección coidada ata o último detalle.

POSIBLE- MENTE ESDEMGA 24/7

A biografía persoal, a memoria familiar é tamén un punto en común para varias das coleccións que se presentan nesta edición “ Dear Conchita” é un tributo en forma de colección de moda que a deseñadora **Iria Ginebra** rende á memoria da súa avoa, costureira, artesá. O tributo toma forma nunha colección hiperfemenina na que a creadora deixa que flúan como fío argumental as técnicas de confección nas que durante anos a súa avoa especializouse. O niño de abella, o encaixe de bolillos, o bordado e un conxunto de técnicas elaboradas e minuciosas dan forma a vestidos en organza e tul que, a través de entredoses de encaixe e minuciosas puntadas, transmiten ese amor pola costura que forma parte da herdanza trasladada ao presente a través da memoria familiar. Esta procura nas raíces sostén tamén o proxecto final de **Susana Fall**, “Quería volver, coñecer as miñas raíces, unha parte de min descoñecida para os meus ollos, este proxecto é parte desa viaxe”. Todo o que atopou na súa viaxe, o familiar e o estrano, as cores de Dakar, os tecidos, a sucidade, a lama e a cultura, todo achou o seu lugar en “ Teranga”, a súa colección. “En wolof a palabra ‘ teranga’ significa espírito da hospitalidade”.

Aspectos biográficos quizais de índole máis obscura flúen a gallarón electrónico na colección de **Paloma Santos** “Frágil”, onde o látex, os tecidos e acabados metálicos e as grandes plataformas parecen dar saída a un proceso catártico “É hora de facer sangrar os ollos, isto é un enterro e unha celebración, é un naufraxio e un nacemento, é unha puta festa, en honra ao peor, é un paquete terriblemente fráxil, cun millón de vasos rotos dentro...”

Películas e libros, libros e películas, non son capaz de levar a conta de canto cinema e literatura hai na inspiración de tantas e tantas coleccións. “Une partie de campagne” dirixida e escrita por Jean Renoir, na que o autor volve sobre as bases do impresionismo e as claves da obra do seu pai Pierre- Auguste Renoir e os deliciosos personaxes “ Henri et Rodolphe” dan título a esta colección de **Claudia Baum**. Unha proposta de extrema delicadeza nos detalles e na selección dunha paleta na que se filtra a cor do final do verán, na que patróns folgados artículanse a partir de tecidos de mantas e cobertores, algodóns e panamás que se tornan da cor das merendas no campo e fúndense con pezas de calzado e complementos, desenvoltas tamén pola deseñadora, a partir de impresión 3D. . A Catherine Deneuve de “Les Parapluies de Cherbourg” un musical de culto dos anos60 dirixida por Jacques Demy é o referente fundamental da colección “ Pouring Down” creada por **Sasha Ratkovic** e na que a cor e a estética da época fíltranse por todos os aspectos deste proxecto construído ao redor desta obra cinematográfica. O cinema novamente

está no ADN da colección creada por **Sara Pérez**, as películas “ Delicatessen” e “Cando o destino alcáncenos” compoñen o pano de fondo a partir do cal a colección “A Bouchère” sorpréndenos co seu universo onírico e cargado dunha forza irónica, que destila de forma maxistral, nas gráficas e as pezas que compoñen a colección.

Fundindo referentes literarios e cinematográficos emerxe unha colección na que a tolemia se volve territorio central para dar renda solta a un universo plástico e creativo excepcionais. “A règle du jeu” de Jean Renoir “Bande à part” de Jean Luc Godard e “A familia” de Ettore Scola entrelázanse coas personaxes e a narrativa procedentes da obra de Torcuato Luca de Tena, “Los renglones torcidos de Dios” modelando un mosaico conceptual e plástico, onde o engano, a candidez das personaxes e o clima atemporal son destilados ata dar forma a esta colección onde a forza plástica da gráfica asolaga os tecidos ideados e extraordinariamente executados por **Ana Micaela** ,unha creadora ,que sustenta na súa poder gráfico a articulación última da súa colección.

Arthur Miller escribe en 1962 “Las Brujas de Salem” e dese texto emerxen as principais influencias que **María Cores** pon en xogo para desenvolver a súa colección “Aquelarre”. Unha proposta de volumes extremos, que gañan verticalidad, coa presenza duns tocados desenvoltos en vimbio e uns corpos comprimidos. que se reforza través dunha paleta oxidada, conseguida por un elaborado proceso artesanal de tinguido sobre denim. Sobre estes elementos compón finalmente unha proposta de pezas de roupa en ruínas, sobrepostas a unha epidermis de tul elástico obtida a partir de impresión dixital. Unha pel en chamas que convoca un particular aquelarre.

«Foi un pracer compartir tempo, charlas e debates, un privilexio formar parte deste tramo do camiño que fixemos xuntas»

«Mudanko», «Los renglones torcidos de Dios», «Henri et Rodolphe», «Rue Simon-Crubellier. Historia de una escalera», «Who killed those two flies and why?», «Aquelarre», «Etymon», «Dear Conchita», «Entrena», «Frágil», «La bouchère», «Point break», «Pouring down rain», «Lana mala», «Francis Bacon.Diagram».

Finalmente, dentro dos proxectos que se mergullan nas referencias literarias, cabe destacar a colección de **Miriam Cartagena**. A deseñadora parte da mesma metodoloxía que G. Perec imaxinara para a súa fundamental obra “La vie mode démploi”, publicado en 1978 e ao que de forma explícita recorre Miriam para a creación da súa colección fin de estudos “Rue Simon- Crubellier. Historia dunha escaleira”. A través do caderno de campo de Miriam podemos reconstruír todo os procesos de creación da súa proposta, a análise pormenorizada das personaxes de Perec, seguindo o patrón descritivo do autor e dialogando coa súa narrativa, vai dando forma aos caracteres sobre os que se soportan as propostas de indumentaria, á vez que van conformando un universo infestado de detalles referenciales a través dos cales vemos emerxer as personaxes que deambulan por esa escaleira e que un a un toman vida a través dos estilismos da colección. Un quebracabezas de historias recomponse asentado no contraste de tecidos e texturas que a deseñadora orquestra, a través de materiais como o tweed, a gasa de la, a sarga de algodón, o organdí e os jacquards e que se matiza a través dos acentos que introduce en forma de debuxos pintados a man e serigrafías que reforzan unha colección unificada a través da paleta de cor.

Estas son as coleccións fin de estudos que supoñen o colofón do proceso formativo destas quince deseñadoras, elas son as protagonistas de DEBUT 2018. Atrás quedan as horas adicadas, as lecturas, a escolma de imaxes, os prototipos, as ideas e a suma de emocións, sensacións e de traballo sostido que deron forma a estas propostas que conteñen talento, paixón e un amor profundo pola profesión que escolleron. Hoxe despedímonos delas como estudantes e saudamos a esta nova xeración de profesionais á que lle desexamos a mellor das sortes e lle agradecemos, o que como formadores, aprendemos con elas. Foi un pracer compartir tempo, charlas e debates, un privilexio formar parte deste tramo do camiño que fixemos xuntas.

É o momento de DEBUT.

Lola Dopico
Directora de ESDEMGA

PFE

Mudanko

PILAR ALEGRÍA



Mudanko une las características más destacables de la tribu Mursi y la obra del artista irlandés Sean Scully. Temas aparentemente inconexos solidificados en un mismo lenguaje expresivo basado en lo arbitrario y abstracto. Como soporte, en el caso de Scully sobre el lienzo y en el de los Mursi en su propio cuerpo.

Desde una materia prima artesanal, el lino, tejido a mano en un telar, parten los abrigos. Robustas estructuras pintadas reflejando algunas de las obras de Sean Scully. Otras, en los vestidos, forman parte del propio estampado, en una mezcla entre seda y algodón que permite un gran movimiento de los mismos. La rigidez de los abrigos sumado a la suave textura de los vestidos hacen la perfecta contraposición en los estilismos.

cargocollective.com/pilaralvarezalegria

PILAR ALEGRÍA
ANA MICAELA
RAQUEL BARBOSA
CLAUDIA BAUM
MIRIAM CARTAGENA
MARIA CORES
SUSANA FALL
PALOMA GARCÍA

IRIA GINEBRA
SARA PÉREZ
INTI PONCE
SASHA RATKOVIC
ALICIA REA
SARA VÁZQUEZ

Los renglones torcidos de Dios

ANA MICAELA FERNÁNDEZ



Una de las inspiraciones es el libro de Torcuato Luca de Tena, "Los renglones torcidos de Dios". Alice Gould es ingresada en un sanatorio y aparentemente sufre paranoia. Según ella, está investigando un crimen. Hay puntos en donde no sabes si están más sanos los ingresados o los propios médicos. Hay puntos donde la crees. Hay puntos donde aunque no la crees, quieres creerla, porque la gente loca no sabe que lo está y se mueve con una autenticidad que siendo de otra forma no podrían tener.

cargocollective.com/anamicaelamich

Who killed those two flies and why?

RAQUEL BARBOSA



CUANDO BOBBY FISCHER JUGÓ LA REVANCHA CONTRA BORIS SPASSKY, VEINTE AÑOS DESPUÉS DE LA PARTIDA DEL SIGLO, PIDIÓ QUE LE HICIESEN CATORCE CAMISAS EXACTAMENTE IGUALES A LA QUE HABÍA UTILIZADO ENTONCES.

Por bandera, una camisa. Es este carácter obsesivo el que impulsa mi proyecto.

Las prendas se convierten en sus cuadernos, y de esta forma Bobby se abriga y protege con sus obsesiones. Con sus jugadas, con sus recuerdos y con sus miedos. Se convierte en su forma de vida. Era un ganador y así lo sentía, por eso las coronas de laurel se plasman directamente en las prendas.

cargocollective.com/raquelbarbosa

Henri et Rodolphe

CLAUDIA BAUM



Tumbarse sobre un mantel acolchado por la frondosa hierba en la que reposa, junto a una cesta de mimbre rebosante de comida. Estar en contacto con la naturaleza y tus seres queridos observando las maravillas del lugar. Leer recostado junto a un tronco, recolectar flores y buscar la suerte entre los tréboles. Observar el curso apaciguado del río, que se desliza por cada una de las piedras que se ven en el fondo. Mirar al cielo, quedarse dormido con la barriga llena y los rayos de sol calentando las mejilla.

"Une partie de campagne" dirigida y escrita por Jean Renoir, hijo de Pierre-Auguste Renoir, explica ese apego entre naturaleza y persona. Está inspirada por uno de los populares cuentos de Guy de Maupassant, un famoso escritor francés. Jean Renoir plasma en ese film las bases del impresionismo que su padre ya había promovido en sus pinturas. Se dejan ver tópicos como la fugacidad de la vida, la intensidad del momento, el cosmos. perfecta contraposición en los estilismos.

cargocollective.com/claudiabaum

Rue Simon-Crubellier. Historia de una escalera

MIRIAM CARTAGENA



Mi proyecto, Rue Simon-Crubellier. Historia de una escalera, está inspirado precisamente en la novela del escritor francés. G. Perec relata la convivencia y cotidianidad de un edificio parisino de la calle Simon-Crubellier nº11. A medida que avanza la novela, el autor nos va presentado planta por planta, habitación por habitación cada inquilino que habita o habitó en ella. Como es habitual en su estilo, describía meticulosa y concienzudamente cada detalle, cada objeto, cada acción, cada recuerdo...

De la misma forma que G. Perec se imaginó el libro a través de la construcción de un puzzle, mi inspiración parte de ahí, de la interpretación de un rompecabezas de personajes que van apareciendo aleatoriamente y se va desvelando nuevas aventuras, nuevos protagonistas.

cargocollective.com/miriamcartagena

Aquelarre

MARIA CORES



Recordando uno de los episodios más anómalos y aterradores como los juicios de Salem, Arthur Miller escribe en 1962 Las Brujas de Salem o El crisol. Aquelarre revisa los personajes de la obra como Abigail Williams, John Proctor o Tituba, acusados de brujería, para dejar atrás esos tópicos en los que las brujas aparecen como seres malvados representando a Lucifer y así contemplarlos desde una mirada más humana, meditando sobre la relación que hay entre el individuo y la sociedad puritana, la independencia y el individualismo frente a las normas de la comunidad. Hablando en un lenguaje trágico y con falta de libertad, donde el ser humano se vuelve marginado y humillado. Todo esto manifestado con volúmenes oprimidos en señal de asfixia, paleta oxidada debido al desgaste emocional, prendas en ruinas y la piel en llamas para evocar el fuego de un rito, de un Aquelarre.

cargocollective.com/mariacores

Etymon

SUSANA FALL



Papá nació y se crió en Sokone, un pequeño pueblo de pescadores en Senegal. En wolof la palabra 'teranga' significa espíritu de la hospitalidad y está asociado a la tolerancia, el respeto y la ayuda.

Los colores de Dakar eran una perfecta paleta de color, todas las mezclas, los tejidos, incluso la basura y el barro que estaban por la calle formaban un paisaje lleno de detalles, historia y arte.

Quise capturar cada detalle de Dakar.

cargocollective.com/susanafall

Dear Conchita

IRIA GINEBRA GONZÁLEZ



La obra de Georgia O'Keffe "Iris II" inspira la gama cromática de una colección basada en la artesanía y en las piezas únicas hechas a mano. La delicadeza de la organza convive con los distintos detalles minuciosos y elaborados, como volantes de tul, entredoses de encaje, puntadas y motivos de los clásicos nidos de abeja. Mi abuela fue la que enseñó a mi tía a coser, y a su vez, ella a mí. Se centraba en confeccionar ropa infantil y también se dedicaba a la costura a medida de mujer. De hecho, diseñaba su propia ropa, así como decoraba pañuelos que luego usaba para cubrir la cabeza. Gracias por ayudarme a encontrar mi pasión, abuela..

cargocollective.com/iriaginebra

Entrena

NOHEMI PÉREZ



Mi fuente de inspiración para los estilismos de mi colección es el Jiu-Jitsu, deporte que practico a menudo. Creo que el deporte es muy beneficioso para la salud, tanto física como mentalmente.

El Jiu-jitsu es un arte marcial basado en la no resistencia al adversario; las técnicas básicas son las luxaciones, estrangulaciones y derribos. Este deporte surge en la India, donde era practicado por monjes budistas interesados por la expansión del budismo. El Jiu-jitsu pasó al sudoeste de Asia a la China y finalmente llegó a Japón donde se desarrolló y popularizó gracias a los guerreros Samuráis.

cargocollective.com/pexego

Frágil

PALOMA GARCÍA SANTOS

Es hora de hacer sangrar los ojos
esto es un entierro
y una celebración
es un naufragio
y un nacimiento
es una puta fiesta
en honor a lo peor

es un paquete terriblemente frágil
con un millón de vasos rotos dentro
un edificio en construcción y
demolición simultánea
es el aislante necesario
para separarme del mundo
para protegerme de la radiación
de los hirientes humanos
es plástico de burbujas
para proteger un corazón de cristal

sacando la basura
puertas a fuera del cerebro
bolsas de plástico
llenas de enfermedad mental
sinestesia entre el dolor y la vista
este es el diario
de una persona que ya no es yo

flores para los muertos querida?
solo si brillan bajo la luz negra
porque este funeral
es
una
puta
rave



cargocollective.com/paloma_dox

La Bouchère

SARA PÉREZ

Respiraba profundamente entre sueños, apretaba mi mano con fuerza y se decía a si misma lo fuerte que era. Logré entender lo que quería decirme, quería demostrarme su valentía, mientras, yo seguía agarrada a sus manos frías y arrugadas por el paso del tiempo.

En el sueño aparecía una carnicera y su carnicería, el concepto de este proyecto. Como elementos visuales están las películas "Delicatessen" y "Cuando el destino nos alcance", donde fantasean con ciudades inexistentes y futuristas.



cargocollective.com/saraperezf

Point break

INTI NÚÑEZ



Solo les gusta ser radicales. No saben entender el mar.
- Nunca captarán la vena espiritual.
- No te irás a poner a cantar, ¿eh?
- Podría.
- Aún no has entendido qué es eso de cabalgar las olas, ¿eh? -
Es un estado mental.
- Un mundo en el que te pierdes y te encuentras.
- Aún no lo sabes, pero lo tienes escrito.

LE LLAMAN BODHI (Kathryn Bigelow, 1991)

cargocollective.com/intinunez

Pouring down rain

SASHA RATKOVIC



Depuis quelques jours je vis dans le silence
Des quatre murs de mon amour
Depuis ton départ l'ombre de ton absence
Me poursuit chaque nuit et me fuit chaque jour
Je ne vois plus personne j'ai fait le vide autour de moi
